

## **Horario**

O horario semanal de cada actividade será o establecido pola asociación que a imparte. Rógase a máxima puntualidade tanto nas entradas coma nas saídas.

### **Apertura e peche de cancelas:**

A apertura de cancelas realizarase uns minutos antes e pecharanse uns minutos despois de cada actividade podendo acceder as/os nais/pais ao patio. Nos minutos anteriores á entrada e á finalización da actividade, o alumnado permanecerá acompañado e baixo a responsabilidade das nais/pais en igualdade de condicións ca no horario lectivo.

Se algún neno chega uns minutos tarde, atopando a porta pechada, deberá pasar polo edificio principal, para firmar no libro de rexistro e será acompañado por un profesor de garda ata a aula correspondente.

Se algún nai/pai se retrasa de forma habitual, o monitor deberá falar con el/ela para regularizar o cumprimento do horario.

Só en casos urxentes ou de imprevisto se permitirá que un/unha alumno/a marche da actividade antes da hora de finalización, de forma excepcional, sempre que o veña a recoller un adulto, firmando á saída no libro de rexistro.

## **Entrega/recollida do alumnado**

Os monitores das actividades recollerán aos nenos na entrada do edificio correspondente e entregaranos á saída, non podendo abandonar o centro antes de que todos os seus alumnos sexan recollidos. Os familiares e acompañantes esperarán fóra do edificio.

## **Permanencia nas instalacións**

Durante o desenvolvemento das actividades extraescolares só poderá permanecer nas instalacións o alumnado que participe nelas. Os familiares e acompañantes, unha vez entregados os nenos, deberán abandonar o recinto.

## **Cambios de clase**

Cando un alumno usuario do comedor asista a unha actividade ás 16:00 horas, os monitores das actividades encargaránse persoalmente de recoller no edificio principal o alumnado usuario do comedor escolar. Cando un alumno ou grupo de alumnos cambie de actividade permanecendo as dúas horas, será entregado directamente dun monitor a outro.